

PREGUNTAS PREVIAS Á VISITA A NATURNOVA

SALA I: O UNIVERSO

1. Como se chama o movemento de xiro da Terra sobre si mesma? E o que fai arredor do Sol?
2. Que é un *astro*? Escribe o nome dalgún que coñezas.
3. Nomea os planetas do sistema solar dende o máis próximo ao Sol ata o máis afastado.
4. Que son as órbitas dos planetas?

SALA II: O NOSO PLANETA

1. Investiga como é o ciclo da auga e debúxao.
2. Busca nun dicionario a definición de *rocha* e pon algún exemplo.
3. Investiga. Cantas capas ten o interior da Terra?
4. Busca o significado dos seguintes termos relacionados cos ecosistemas: *bioma*, *biodiversidade*, *tundra* e *taiga*.

SALA III: O HOME E O SEU MEDIO

1. Que é un *residuo sólido*?
2. Une cada residuo co colector que lle corresponde:

RESIDUOS

PAPEL
BOTELLA DE PLÁSTICO
LATA DE REFRESCO
CARTÓN
CARTÓN DO LEITE
REVISTA
BOTELLA DE VIDRO
CAIXA DE ZAPATOS

COLECTOR

AZUL
IGLÚ VERDE
AMARELO

3. Define *fonte de enerxía renovable*. Coñeces algún exemplo?
4. Investiga: a auga que lixamos na casa. Cara a onde vai?

PREGUNTAS PARA DESPOIS DA VISITA A NATURNOVA

SALA I: O UNIVERSO

- Di se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou Falsas (F)
 - Venus xira en sentido inverso.
 - A Lúa é unha estrela que xira arredor da Terra.
 - O Sol é unha estrela que xira arredor da Terra.
 - A Terra ten vida e a maior parte da súa superficie está cuberta de auga.
- Busca no dicionario: *galaxia, asteroide, satélite, meteorito, cometa*.

SALA II: O NOSO PLANETA

- Segundo os datos tomados en Naturnova, os océanos forman o% da hidrosfera.
Aproximadamente, cal é a porcentaxe de auga doce existente na hidrosfera?
- Para que se poden utilizar as rochas? Pon algún exemplo dalgunha rocha de Galicia.
- Busca a relación:

HIDROSFERA
ATMOSFERA
CODIA TERRESTRE

LITOSFERA
CAPA GASOSA
AUGA DO PLANETA

SALA III: O HOME E O SEU MEDIO

- A enerxía eólica é unha enerxía renovable? Que outras enerxías renovables coñeces?
- A auga doce é un ben escaso. Enumera algunhas condutas que nos axudarían a aforrar auga na casa.
- Que cousas podedes facer no colexio para coidar o medio ambiente? Subliña as frases correctas.
 - Non tirar os papeis ao chan.
 - Botar as mondas de laranxa ao xardín.
 - Deixar correr a auga antes de usala.

Que outras cousas podes facer?